

PONTEVEDRA NO CAMIÑO

José Ramón Soraluze Blond
Catedrático de Composición Arquitectónica
Universidade da Coruña

A chegada de «Aulas no Camiño» á cidade de Pontevedra o 7 de agosto de 1997, permitirá ós alumnos da expedición coñecer-la vinculación desta capital galega coa peregrinación a Santiago. Ata ela chega o camiño portugués e nela conflúe co itinerario dos peregrinos que procedían de Baiona, vía marítima. Só a presenza do santuario da Virxe baixo a advocación de Peregrina, sitúa á cidade entre os centros máis destacados dos distintos itinerarios xacobeos.

Esta función como punto de encontro ou lugar de confluencia de peregrinos, similar á doutro punto do camiño como é Puente la Reina en Navarra, converten a Pontevedra en importante «lugar xacobeo». Ata a vila chegaban as calzadas romanas que, unidas, seguían cara a Caldas e Padrón. A cidade actual está atravesada pola antiga vía «decúmana» da poboación romana, pertencente á vía romana XIX no seu cruce co río Lérez. Por ela, a cidade e a súa ponte, pasaron insignes peregrinos camiño da Cidade do Apóstolo, coma o Barón de Romisthal de Blatna, Francisco de Holanda, Erich Lassota de Stablau, Cosme de Médicis e tantos outros.


A ponte, «Ponte-Veteris», esencia e fundamento territorial do primitivo asentamento urbano de Pontevedra, reconstruíuse no século XII coincidindo coa fundación da cidade medieval á que o Rei Fernando II lle deu

un Foro en 1169. Coma en casos similares, aprovéitase un outeiro próximo e na súa ladeira ordénase un pequeno asentamento arredor da igrexa parroquial dedicada a Santa María. Caso moi parecido ó asentamento fundacional da Coruña, uns anos despois, tamén rodeando a Santa María do Campo.

A estrutura urbana destas pobocións depende da mesma topografía, unhas ordénanse de forma concéntrica arredor da igrexa situada no cume do outeiro, como ocorre na Coruña ou en Betanzos, outras distribúen o seu viario ó longo dun eixe en «espiña de peixe», coma Ourense ou Pontevedra. Desde o templo parroquial arranxa unha vía principal, cortada perpendicularmente por rúas ocupadas polos distintos gremios, Pratería, Ferrería, Tonelería... O conxunto, con forma sensiblemente ovalada, quedaría rodeado por unha primeira cerca no mesmo século XII. Tampouco ofrece dúbidas ós historiadores o cruce da calzada-vía de peregrinación, no extremo sueste da primitiva cidade, a rúa Real.

Outro dato sobre o que tampouco hai discrepancias é o recinto amurallado da Pontevedra do século XV. O crecemento da primitiva vila engloba definitivamente no interior da súa muralla, desde a entrada á mesma ponte, ó convento de San Francisco ó sur, cercando o recinto polas actuais rúas Michelena e Arcebispo Malvar. Este crecemento sensible producido entre os séculos XIII e XV, deberá moito ós privilexios reais concedidos a Pontevedra sobre a pesca e a súa venda, así como a exclusiva, xunto con Noia, para fabricar aceite de pescado. O barrio de pescadores «A Moureira» rodeará o litoral fluvial de Pontevedra no seu costado oeste, mediante unha fronte de casas unidas, casas «do Pincho», cunha imaxe pintoresca que aparece reproducida en debuxos e relevos do século XVI.

Ata o século XIX, mantívose en pé a muralla, derrubada en 1855. Tiña 5 portas e 6 postigos, contando con numerosos cubos e cortinas almeadas, das que aínda se conserva un tramo tralo antigo pazo arcebispal.




Reconstrucción das murallas de Pontevedra.

SANTA MARÍA A GRANDE

A Grande, A Nova, A Maior... As obras desta excelente obra de arquitectura iniciáronse na segunda década do século XVI, substituindo un templo anterior. Con financiamento dos fregueses do gremio de pescadores, procedente dos beneficios da pesca da sardiña, levantouse o templo en pleno proceso de transición artística, do gótico final ó plateresco.

Interviñeron na súa construción o arquitecto santanderino Diego Gil, que proxeitou unha igrexa con tres naves e esveltos piares, propios dos «templos salón» do último gótico. Sucedeuno o portugués Juan Noble, autor das bóvedas nervadas de terceletes, así como do flamíxero arco triunfal. A ábsida poligonal é unha réplica da cabeceira da catedral de Braga, construída uns dez anos antes.



Planta da Igrexa de Santa María a Grande.

O plateresco, aparece con toda a súa riqueza na gran portada «retablo» levantada por Cornelis de Holanda, autor dos retablos das catedrais de Lugo e Ourense, o que se cre inspirado na custodia de prata da catedral de Santiago, obra do prateiro Antonio de Arfe, para o monumental pano do testeiro pontevedrés. Nesta portada representase como tema protagonista o tránsito da Virxe, á que acompañan as imaxes de Sta. Catalina e Sta. Bárbara, patronas das xentes do mar. O homérico Teucro, ó que se cre fundador mitolóxico de Pontevedra, tamén se representa cos atributos de Hércules, sobre un contraforte.

Tanto interese como a portada, ten a cara interior deste pano mural onde encontramos unha curiosa colección de didácticos relevos, dedicados á vida dos santos e a satiriza-los pecados.



Detalle do tránsito da Virxe na fachada de Santa María, obra de Cornelis de Holanda.
(Foto do autor).

TEMPLO DO CONVENTO DE SAN FRANCISCO

Os franciscanos xa estaban en Pontevedra no século XIII. As súas primeiras instalacións estarían fóra da primitiva cerca, aínda que nos séculos XIV e XV, cando se construíu o templo gótico que hoxe se conserva, estes terreos xa estarían dentro do definitivo recinto amurallado.

A igrexa de San Francisco é un típico templo «mendicante», cunha soa nave cuberta de madeira, un amplo cruceiro e tres ábsidas poligonais, cubertos con bóvedas de crucería, con nervios contrarrestados exteriormente con estribos diagonais. Entre estes contrafortes ábreanse altas ventás amaineladas, típicas dos templos góticos da orde. No presbiterio encóntrase un sepulcro datado en 1308, pertencente a Paio Gómez Charino, poeta que participou con Fernando III na conquista de Sevilla.

Pouco se sabe da construción deste templo, o máis grande dos templos góticos franciscanos que conservamos en Galicia, aínda que pode re-

coñecerse na súa fábrica, que os canteiros que o levantaron pertencían á escola da catedral de Ourense.

A construción de San Francisco, Sta. Clara e Sto. Domingo só puido ser posible mercé ó mecenado da nobreza e a burguesía local.

Durante o presente século, en San Francisco de Pontevedra realizáronse dúas importantes intervencións, unha a substitución da ventá da fachada polo actual rosetón, a outra, máis profunda, foi a recente restauración da cuberta, tralo devastador incendio do 18-6-95, cunha rehabilitación proxectada polo arquitecto Celestino García Braña.


RESTOS DO CONVENTO DE SANTO DOMINGO

Os dominicos tamén chegaron a Pontevedra a finais do século XIII, cara a 1282. O convento na súa situación extramuros iniciouse a principios do século XIV, rematándose o templo cara a 1400. Sospéitase tamén que a cabeceira, que hoxe se conserva, foi inicialmente de só tres ábsidas, sendo substituída naquel mesmo século. As ábsidas, catro laterais, son contemporáneas das do templo portugués do mosteiro de Batalha, ás que recorda. Esta solución de cinco ábsidas, sen continuidade en España, repetírase nalgúns templos mendicantes portugueses.

No século XIX, o templo foi reformado engadíndoselle unha nave neoclásica, con arcos laterais apegados, construída a partir de 1804. Ós pés levantóuselle tamén un coro abovedado. En 1835 paráronse, por falta de recursos, unhas obras que trataban de reconstruír completamente o vello edificio gótico, cando se pensaba reconstruír en estilo clasicista o cruceiro e a cabeceira, quedando sen cubri-la nave. A difícil situación pola que pasaron os conventos galegos no século XIX, coincidiu con estas obras a medio rematar, o que facilitou que entre os anos 1867 e 1884, se derrubara parte do convento e o templo, excepto as ábsidas, hoxe utilizadas, na súa situación de ruína consolidada, como parte do museo de Pontevedra.



Vista da Igreja do Convento de San Francisco antes do recente incendio.
(Foto do autor).



Planta da Igreja de San Francisco.

O SANTUARIO DA PEREGRINA

Uns peregrinos trouxeron a imaxe da Virxe peregrina a Pontevedra, creándose unha confraría e un santuario para o seu culto. Un preito con outra confraría local obrigou a construí-lo actual santuario, fóra do recinto amurallado. As obras deste duraron 16 anos.

Este templo barroco, construído na transición ó neoclasicismo, ten unha arquitectura de rotunda volumetría cilíndrica e, á vez, confusa ordeñación compositiva. A acumulación de elementos pertencentes a distintas linguaxes decorativas vaise depurando a medida que o templo medra en altura. Ten unha nave circular precedida por un vestíbulo, e foi proxectada polo mestre de obras Antonio Souto. O barroquismo da portada e o rococó da súa decoración, cambian cara a un clasicismo dórico nas zonas altas, mentres no exterior o templo manifesta austeridade académica. A obra construíuse entre 1778 e 1782.

A Peregrina é unha orixinal resposta á arquitectura dos «santuarios», ese outro grupo de igrexas, cuns condicionantes litúrxicos ou funcionais que non coinciden cos dos templos parroquiais. A proximidade entre o crente e o santo (a Virxe neste caso), accesible desde o camarín, resólvese con amplas plantas circulares coma neste caso ou poligonais coma no santuario de Amil. Unha orixinal solución foi a planta das dúas torres, realizadas en forma rómbica, posiblemente para evita-la reverberación das campás.



Santuario da Peregrina. (Foto do autor).